

NORMAS DA PROBA

Benvidas e benvidos á proba para a certificación de nivel das competencias dixitais ComDix Intermedio – Área 4.

A proba ten unha **duración máxima de 20 minutos**. Transcorrido este tempo finalizarase de xeito automático e entregárase para a súa corrección. A proba pode finalizarse antes dos 20 minutos.

A proba consta de **12 preguntas**, da área 4 "Seguridade e privacidade", que comprende 4 competencias diferentes, propoñendo 3 preguntas para cada unha desas competencias (2 que se enfocan a verificar coñecementos e 1 máis orientada a verificar habilidades).

O tipo de preguntas é variado. Fixádevos que algunhas piden unha única resposta, outras piden varias, en ocasións hai que escribir manualmente a resposta, noutros casos arrastrar elementos... Se xorden dúbidas, para cada pregunta tendes o botón "**Mostrar axuda**" onde aparece a indicación de como se debe responder esa pregunta.

Durante a realización da proba podedes acceder a Internet, de feito para responder a algunha das preguntas pode ser necesario. Este acceso só estará permitido a través do equipo informático co que estás a realizar a proba, xa que non está permitido o uso de calquera outro dispositivo electrónico. Tamén pode ser necesario facer uso dalgún dos programas instalados no equipo: lector de PDF...

As preguntas falladas **non descontan**, polo que **é recomendable que contestedes a todas as preguntas**. Para aprobar é necesario acertar cando menos o **60%** das preguntas do exame (**8 preguntas acertadas**).

Despois de contestar cada pregunta debes premer o botón "**Gardar**" antes de pasar á seguinte, agás que non teñades clara a resposta e a deixedes para o final para volver sobre ela. Unha vez chegado ao final das 12 preguntas, debes asegurarnos de que todas as preguntas foron contestadas, e que están marcadas en azul no menú de navegación.

Antes de comezar a proba, e antes de poñer o PIN de activación, debes **elixir en que idioma a queredes realizar: galego ou castelán**. O idioma elixido acompañaravos ao longo de toda a proba sen opción a cambiálo.

Rematada a proba, aparecerá en pantalla se o voso resultado é apto/non apto, así como a puntuación obtida e aquelas preguntas erradas, indicando cal sería a resposta correcta. Así mesmo, terás a oportunidade de engadir observacións acerca da proba e axudar a corrixir posibles fallos.

Finalizada a proba, poderedes consultar as preguntas falladas e comprobar cal era a resposta correcta. En todo caso, é importante que acabedes a sesión premendo o botón finalizar.

Empezamos!

Para entrar na plataforma de certificación abride un navegador, por exemplo Chrome, e escribide o URL: <https://certificacion-competenciasdixitais.xunta.gal/examinador>

Xa na páxina, debedes indicar:

- Paso 1:

Nome de usuario: o voso DNI

Contrasinal: ComDix2025

- Paso 2: Xestionar cookies - Basta con aceptar as Cookies.
- Paso 3: Premer en "Comezar proba" e introducir o seguinte [PIN] (Estes datos tédelos escritos no taboleiro).

-----No caso de que nese momento a algún dos presentes lles saia a mensaxe "*Volve a activar a proba para que se xere correctamente*" bastará con premer novamente en "Activar" para que xere a proba.-----

Tedes 20 minutos. Moita sorte!